

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue gradient. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand.

PLAN DIXITAL

[CPR Plurilingüe La Salle]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- *Nome: CPR Plurilingüe La Salle.*
- *Dirección: Rúa Pardo Bazán, 1, 15406, Ferrol (A Coruña).*
- *Correo: info@lasalleferrol.es*
- *Páxina web: lasalleferrol.es*
- *Número de alumnado: 285 (56 en E. Infantil, 139 en E. Primaria e 90 en E. Secundaria).*
- *Número de profesorado: 25*

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.*

O centro está situado no barrio de Caranza, orixinario dos anos 70, xunto ao mar, periférico de Ferrol, ben comunicado. Poboación envellecida de clase media-baixa. Hai un número significativo de vivendas deshabitadas. Existe unha crecente convivencia interracial. O barrio destaca polos numerosos servizos socioculturais que posúe: mercado, biblioteca, estafeta de correos, dous institutos públicos, dous centros de educación concertados, un centro de educación público, centro de saúde, unidade pastoral de Caranza, centro cultural-centro cívico, dúas asociacións de veciños, centro de atención a drogodependentes, escola de deportes, piscina municipal, conservatorio de música.

- *O uso das novas tecnoloxías e a formación continua do profesorado en novas metodoloxías son parte fundamental do noso Proxecto Educativo.*

O Novo Contexto de Aprendizaxe (NCA) nova metodoloxía que se está a implantar en todos os centros La Salle fomenta o uso dos dispositivos dixitais (presentes en todas as aulas desde 2º de primaria).

Nos cursos de 2º a 6º de primaria o alumnado utiliza a plataforma Snappet para traballar matemáticas, lingua castelá, lingua galega e lingua inglesa.

A partir do curso 22-23 coa progresiva implementación de NCA en secundaria os materiais serán totalmente dixitais.

- *O plan de acción do PD estará recollido no PXA do curso 22-23.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O PD foi elaborado seguindo as indicacións do ADIX. O director encargouse da elaboración do mesmo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro conta con conexión a internet por fibra. Todas as aulas e despachos teñen conexión por cable. A conexión por Wifi chega a todos os espazos de centro sen dificultade. Está habilitada unha rede para profesorado, unha para alumnos e outra para invitados.*
- *Todas as aulas contan con ordenador para uso do profesorado. As 3 aulas de infantil están dotadas de pantallas de 65" táctiles. As aulas de primaria e secundaria teñen proxector e pantalla. Os alumnos de 2º a 6º de primaria utilizan cadanseu Chromebook que as familias pagan á empresa Snappet en aluguer. Todos os despachos e a biblioteca están equipados cun ordenador de sobremesa. O profesorado ten habilitada unha sala con 4 ordenadores para o que sexa necesario. Temos 26 táblets que neste momento están utilizando as 4 aulas de secundaria. O departamento de orientación ten táblets para utilizar co alumnado de NEE. A biblioteca ten 4 tablets a disposición dos usuarios. Temos un ordenador portátil que utilizamos no salón de actos ou para videoconferencias.*
- *Servizos dixitais educativos:*

Páxina web e redes sociais: lasalleferrol.es

Xestor de centro Sallenet: lasalleferrol.sallenet.org

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro. Un antigo alumno informático encárgase do mantemento. Os equipos en aluguer con Snappet contan con reposición automática por parte da empresa en caso de avaría.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4	4,1			
	Profesorado	4,2	4,6			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4	4,3			
	Profesorado	4,3	3,6			
	Alumnado	3,7	3,2			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,6	4,3			

	Profesorado	4,3	4,7		
	Alumnado	4,3	4,3		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,1	4,3		
	Profesorado	4,5	4,3		
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4	4,8		
	Profesorado	4,1	4,5		
	Alumnado		4,2		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,3	4,5		
	Profesorado	4,3	3,9		
	Alumnado	4,1	3,8		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,9	3,8		
	Profesorado	3,7	3,1		
	Alumnado		2,7		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,8	4,6		
	Profesorado	4,1	4,4		
	Alumnado	4,3	4		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	25	64,00%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	2	5	40,00%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
98,4	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	106	Experto/a (B2)	79,2	Integrador/a (B1)
Inf.	85,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	92,1	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	3	16,70%
B1	7	38,90%

B2	5	27,80%
C1	4	22,10%
C2		
TOTAL	19	105,60%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Infraestruturas (rede, conexión, equipos). 2. Protección de datos.	1. Asistencia técnica.
	PERSOAL DOCENTE	1. Profesorado e equipo directivo involucrados no desenvolvemento da estratexia dixital 2. Acceso a DPC no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 3. Búsqueda de recursos en Internet. 4. Uso das tecnoloxías para as comunicacións relativas ao centro. 5. Bo número de persoal con perfil C1 e posibilidade de formar a outros docentes.	1. Avaliación dos progresos en materia de ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2. Creación de recursos dixitais. 3. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. 4. Profesorado con nivel A2 e B1 que necesita formación.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Participación en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais. 2. Uso das tecnoloxías dixitais para a reflexión sobre a aprendizaxe. 3. Aprendizaxe do uso responsable de Internet.	1. Incremento da participación co uso das tecnoloxías dixitais. 2. Uso da tecnoloxía para realizar actividades creativas. 3. Asignación de actividades nas que utilizamos a tecnoloxía diferenciadas conforme ás necesidades. 4. Uso das tecnoloxías para realizar observacións sobre o traballado. 5. Utilización das tecnoloxías dixitais para recibir unha retroalimentación axeitada sobre a nosa aprendizaxe.
	FAMILIAS	1. Uso das tecnoloxías para comunicación co centro.	
	OFERTA	1. Ofrécense novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	1. Desenvolvemento dunha estratexia dixital. 2. Asistencia técnica.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN	1. Protección de datos.	
	CONTORNA		

ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	1. Uso das novas tecnoloxías para colaborar con outras organizacións.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos, indicadores e accións elabóranse partindo da análise DAFO e seguindo os exemplos que facilitan os mentores ADIX.

Toda a información aparece nas táboas que se achegan a continuación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro conta coas infraestruturas dixitais necesarias. As mesmas proceden dos investimentos da propia entidade e das familias.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Prácticas de avaliación (G)						
1. OBXECTIVO 1:	Utilizar rúbricas de avaliación dixitais dentro da plataforma Sallenet (G1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a avaliación utilizando rúbricas dentro da plataforma Sallenet.					
Valor de partida	10% dos cursos					
Valor previsto e data	50% dos cursos					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Formar ao profesorado en avaliación con rúbricas Sallenet.	Dirección	31/8/22	Plataforma Sallenet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Engadir rúbricas de avaliación dixitais na plataforma Sallenet.	Dirección rede de centros La Salle	31/8/22	Plataforma Sallenet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*G1: Avaliación das capacidades)

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F)						
2. OBXECTIVO 2:	Empregar entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. (F3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Utilización de paisaxes de aprendizaxe dentro da práctica habitual na aula.					
Valor de partida	10% dos cursos					
Valor previsto e data	50% dos cursos					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Introducir paisaxes de aprendizaxe dentro da plataforma Sallenet.	Dirección rede de centros La Salle	31/8/22	Plataforma Sallenet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación do profesorado no manexo das paisaxes de aprendizaxe.	Dirección	31/8/22	Plataforma Sallenet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*F3: Fomento da creatividade)

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)						
3. OBXECTIVO 3:	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (D3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso.					
Valor de partida	0 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23					
Valor previsto e data	5 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro.	Dirección	26/5/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros.	Dirección	22/12/22	Webs e redes sociais doutros centros, encontros de formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Organizar/ Participar/Divulgar intercambios de experiencias de profesorado	Dirección	26/5/23	Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

doutros centros.			coñecelas.			
------------------	--	--	------------	--	--	--

(*D3: Intercambio de experiencias)

4. Avaliación do plan

O seguimento do Plan Dixital será levado a cabo polo claustro de profesores:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital será difundido á comunidade educativa a través da páxina web do centro